



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2016, CON CARÁCTER
ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25/08/2016).

Dáse conta da acta das sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201600000000928 de dona María Teresa Presas Valdés. (Expediente núm. 2016/U022/000015)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda substituíndo a tella existente nunha superficie de 230 m², situada en Buxeiros de Abaixo (expediente núm.: 2016/U022/000015), en solo cualificado como “de Núcleo Rural. N-1”, segundo o vixente PXOM.

Dáse conta da licenza concedida para a mesma actuación e que non foi executada (expte. 2014/U009/000066).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50600164.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, (expte.1692/14), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM coa referencia B-53 .

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

Primeiro.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de 1 ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma.

-En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

-Deberá terse en conta o disposto no informe emitido polo Servizo de Patrimonio Cultural.

Segundo.- Compensar o imposto a recibir no presente expediente co abonado no expediente 2014/U009/000066 ao non terse executado as obras autorizadas e tratarse este expediente das mesmas actuacións.

2.2.- Comunicación previa de obra de don Martín Folgar Magariños. (Expediente núm. 2016/U026/000027)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000027 de comunicación previa de obra promovido por don Martín Folgar Magariños para construción de peche de aproximadamente 85 m. de lonxitude, con base de pedra, postes e reixa, cunha altura que non superará os 1,80 m., e recuándoo 10,5 m. do eixe da vía. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A00600002, emprazada en Viño grande –San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discurrir das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 10,5 m. do eixe da vía, así como as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa e dous euros con dez céntimos (#192,10#).

2.3.- Comunicación previa de obra de dona María Rosario Sinde Pereiras. (Expediente 2016/U026/000035)

Dáse conta do expediente núm. 2016/U026/000035 de comunicación previa de obra promovido por dona María Rosario Sinde Pereiras para encintado de muro de mampostería existente nunha lonxitude aproximada de 6 m e 0,80 m de altura, con ampliación de entrada e colocación de portal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50701640, emprazada en Tomonde, 24, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo garantir o natural discurrir das augas e respectar as servidumes existentes.



Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de dona Lourdes Bao Cebeiro. (Expediente núm. 2016/U026/000038)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa promovido por dona Lourdes Bao Cebeiro para canalización, cruzando un vial municipal, de aproximadamente 40 m. de lonxitude para paso de auga, (con tubaxe de 32 mm) e para rede eléctrica (75 mm).

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600821 - 002500800NH43E, emprazadas en Sarandón – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes. Así mesmo deberá deixarse o pavimento da vía nas mesmas condicións nas que se atopa e comunicar a finalización das mesmas.

Segundo.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Terceiro.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Manuel Emilio Carril Mareque. (Expediente núm. 2016/U026/000039).

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Emilio Carril Mareque para construción de cerramento, de aproximadamente 115 m. de lonxitude, con base de formigón, postes e arame, cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600096 - 15090A50600095, emprazada en Xián- San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo da vía, así como as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento tres euros con trinta e seis céntimos (#103,36#)

2.6.- Comunicación previa de obra de dona Isaura M. Torre Vieites. (Expediente núm. 2016/U026/000041)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Isaura M. Torre Vieites para substitución de tella en vivenda, de aproximadamente 155 m² en planta, e revestir a fachada posterior.

Dáse conta da autorización emitida polo Servizo Provincial de Estradas, titular da estrada AC-241, de data 8 de agosto de 2016.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002200200NH43F0001UI, emprazada en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cen euros con nove céntimos (#100,09#).

2.7.- Comunicación previa de obra de dona Rosario Albor Calviño. (Expediente núm. 2016/U026/000042)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Rosario Albor Calviño para colocación dun portal nun peche existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000200900NH43G0001MJ , emprazada en Cornado –San Fins de Sales, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo garantir o natural discurrir das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación previa de obra de don Jesús Castro Segade. (Expediente núm. 2016/U026/000043)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Jesús Castro Segade para construción de peche de parcela con base de bloques, postes e malla, cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 4 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001500400NH34B0001TI, emprazada en Paradela, 20 – San Xián de Sales, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación previa de obra de don Severino Mougán Lobato. (Expediente 2016/U026/000044)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Severino Mougán Lobato para construción de peche de parcela con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 40 m. de largo e cunha altura que non superará o 1,80 m.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000100500NH43F, emprazada en Vilar, 7- San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes e respectar os lindes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.10.- Comunicación previa de obra de dona Eva María Varela Vidueiros. (Expediente 2016/U026/000045)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Eva María Varela Vidueiros para rehabilitación parcial de alboio consistente en colocar tella sobre uralita existente, en aproximadamente 30 m², pavimentación entrada a finca con formigón aproximadamente 30 m² de superficie.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000700200NH43G, emprazada en A Ferreira, 6 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.11.- Comunicación previa de obra de dona Lidia Maceira Brea. (Expediente núm. 216/U026/000047)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Lidia Maceira Brea para rehabilitación de edificación, consistente en cambiar o tellado, colocando uralita e tella nunha superficie aproximada de 144 m².

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002100200NH43F, emprazada en San Mamede, 2 - San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sete euros con noventa e catro céntimos (#107,94#).

2.12.- Comunicación previa de obra da AA.VV Unión e Progreso. (Expediente núm. 2016/U026/000049)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido pola AA.VV Unión y Progreso para colocación de persianas metálicas en edificación existente no campo da festa. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A00300914, emprazada en Cibrán –San Xián de Sales, cun prazo de execución de 3 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido.

Segundo.- Acorda a exención de taxas e impostos por tratarse dunha actuación de interese público.

2.13.- Comunicación previa de obra de don José Picón López. (Expediente núm. 2016/U026/000050)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Picón López para rehabilitación de vivenda, consistente en pintar a fachada norte e noroeste nunha superficie aproximada de 70 m².

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000804400NH43E, emprazada en Pousada de Abaixo, 13- Vedra, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.14.- Comunicación previa de obra de don Antonio Castro Iglesias. (Expediente núm. 2016/U026/000051)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra presentada por don Antonio Castro Iglesias para rehabilitación de edificación existente, de aproximadamente 50 m² en planta, consistente en cambiar a uralita existente por uralita e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001702800NH43E, emprazada en Bazar nº 15 –San Andrés de Trobe, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#).

2.15.- Comunicación previa de obra de don Adrián Juzgado Casal. (Expediente núm. 2016/U026/000052)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Adrián Juzgado Casal para rehabilitación de edificación, de aproximadamente 59 m² en planta, consistente en colocar tella sobre uralita existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral , emprazada en Arguente nº 6 San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.16.- Comunicación previa de obra de dona Carmen Blanco Peiteado. (Expediente num. 2016/U026/000054)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Carmen Blanco Peiteado para construción de peche de parcela, con postes e arame en aproximadamente 8 m. de largo, e con base de bloques, postes e arame, en aproximadamente 77 m. de lonxitude, cunha altura que non superará os 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002302000NH43F, emprazada en Outeiro, 11 – Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes;



cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo da vía, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e dous euros con trinta céntimos (#72,30#).

2.17.- Parcelación finca centro de saúde de Vedra.

Dáse conta de que na Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29 de setembro de 2015, concedeuse licenza de parcelación de finca onde se empraza o Centro de Saúde de Vedra, emprazada en Marzán de Abaixo (Vedra), nos termos do proxecto técnico presentado asinado por dona Clara Lema Rodríguez.

Téndose detectado erro nas parcelas resultantes, redáctase novo proxecto, de data setembro de 2016 e asinado por dona Clara Lema Rodríguez, para parcelación de finca onde se empraza o Centro de Saúde de Vedra, emprazada en Marzán de Abaixo (Vedra).

A Xunta de Goberno Local, vista a necesidade de proceder á parcelación da finca número 439 da concentración parcelaria de Vedra, onde se empraza o centro de saúde de Vedra, separando a zona cualificada como verde polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, da zona de equipamentos onde se sitúa o centro de saúde, acorda conceder a licenza para parcelación da finca nos termos descritos no proxecto mencionado e de data setembro de 2016, deixando sen efecto o contido do acordo adoptado en sesión de data 29 de setembro de 2015.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza definitiva para pór en funcionamento unha oficina de farmacia en Santa Cruz de Ribadulla.

Logo de acreditado no expediente municipal número 1/2007, instruído para os efectos, que por don Ramón Varela Barreiro cumpriu os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30 de novembro de 1961 e Disposicións complementarias, para instalación de "OFICINA DE FARMACIA ", número 33 baixo do lugar de Galegos na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra), actividade para a que se concedeu licenza provisional con data do 11 de setembro de 2007, en uso das facultades conferidas, a Xunta de Goberno Local, acorda concederlle a licenza definitiva para pór en funcionamento a mencionada actividade, que deberá ser expedida pola Secretaría deste concello, e serviralle ao interesado como documento acreditativo desta concesión. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións preceptivas doutros organismos en cumprimento das respectivas lexislacións sectoriais de aplicación.

4º.- Certificacións de obras.

4.1.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Acondicionamento de camiños en Trasariz, Ribeira e Vedra.*

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Acondicionamento de camiños en Trasariz, Ribeira e Vedra*, incluída no *Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016*, e da factura núm. E000103 da empresa adxudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de oitenta e tres mil euros (#83.000,00#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a correspondente factura.

4.2.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Nande e Matelo*.

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Nande e Matelo*, incluída no *Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016-Liña en concorrencia competitiva*, e da factura núm. 9 da empresa adxudicataria da obra, Construcciones Fechi SLU, por importe de corenta mil (#40.000,00#) euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a correspondente factura.

4.3.- Certificación núm. 1 da obra de Proxecto de urbanización integral na Torre -San Xián de Sales do POS 2016 (Código 2016)

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de *Proxecto de urbanización integral na Torre -San Xián de Sales (Código 16.2100.0203.0)*, incluída no *POS 2016*, e máis da factura núm. EO 0085 da empresa adxudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L por importe de cincuenta mil cinco euros con setenta e dous céntimos (#50.005,72#)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a correspondente factura.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
045500002116FAC	01/08/2016	20.017,72	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a dependencia mes xullo (horas ordinarias e festivas)
045500002216FAC	01/08/2016	2.983,95	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar mes xullo (horas de libre concorrencia)
045500002316FAC	01/08/2016	1.524,10	Clece, S.A.	Prestación do servizo de apoio e asesoramento do SAF de xestión municipal mes xullo 2016
740	31/07/2016	385,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 20/06/2016 para viaxe da Terceira Idade ás termas de Ourense e a Ribadavia con achegas dos participantes
741	31/07/2016	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 31/07/2016 para viaxe da ludoteca de verán a Ribadavia
J 5	20/08/2016	246,74	Pereira Otero José Manuel	Servizos de xardinería por sobrecarga de traballo realizados do 1 ao 20 de agosto de 2016
J 00004	20/08/2016	726,91	Pereira Otero José Manuel	Servizo de xardinería e mantemento de espazos naturais e vías públicas prestado do 1 ao 20 de agosto (RA 170/2016)
160015	25/08/2016	8,80	Isla Arjones Jesus	Produtos para a caixa de emerxencias da casa consistorial subministrados en agosto
A15/864	25/08/2016	1.560,00	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Impresión de 1000 exemplares do libro titulado Ballesteros O Fotógrafo
350/16	07/08/2016	1.361,25	Espina Obras Hidráulicas, S.A.	Servizo de explotación e mantemento da EDAR de S. Mamede e Sta. Cruz período 07/07/2016-06/08/2016 (RA 189/16)
608/7	25/08/2016	756,25	Alquimao S.L.	Materiais subministrados en agosto para a obra na vía pública en San Miguel de Sarandón



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



P 604894	23/08/2016	291,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes agosto)
05/C15-16	25/02/2016	280,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura impartidas no mes de febreiro/2016
26	23/06/2016	2.107,82	Camino Bouzón Miguel Angel	Materiais e traballos de electricidade e fontanería realizados na instalación de auga da escola de San Xián
33	30/06/2016	150,04	Camino Bouzón Miguel Angel	Materiais e traballos realizados no pozo da auga do local social de San Pedro de Sarandón
35	29/07/2016	87,12	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos de revisión da instalación de fontanería e baños do museo de Vedra realizados o 04/07/2016
37	29/07/2016	153,67	Camino Bouzón Miguel Angel	Materiais e traballos de reparación dos lavabos e váteres do local multiusos de San Pedro de Sarandón realizados o 29/07/2016
36	29/07/2016	455,57	Camino Bouzón Miguel Angel	Materiais e traballos para dotar de auga ás casetas das duchas do Campo de Traballo 2016 realizados o 15/07/2016
A/118	29/08/2016	951,55	García Sarandón, S.L.U.	Materiais diversos e produtos alimenticios subministrados o 18/07/2016 para o Campo de Traballo
36/2016	30/07/2016	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do concello de Vedra durante o mes de xullo
38/2016	31/08/2016	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do concello de Vedra durante o mes de agosto
16/9	30/08/2016	1.685,14	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias mes agosto
16/374	23/08/2016	59,00	Electro Lestedo, S.L. (Electro Bermúdez)	Subministro dun microondas Nevir para a ludoteca municipal
7 Tickets	31/08/2016	86,71	Acredores diversos	Materiais e produtos alimenticios para a ludoteca de verán 2016 mercados en agosto
V 08-2016 370	31/08/2016	4.583,00	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes agosto/2016
5 Tickets	31/08/2016	51,40	Acredores diversos	Produtos alimenticios para o servizo de madrugadores mercados en agosto
1609	01/07/2016	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración asinado co Concello de Vedra o 03/03/2015 mes xuño/2016
1610	01/08/2016	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración asinado co Concello de Vedra o 03/03/2015 mes xullo/2016
1612	31/08/2016	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración asinado co Concello de Vedra o 03/03/2015 mes agosto/2016
A01/2016	27/06/2016	100,00	González Vázquez Lorena	Docencia do curso fotografía de natureza do programa de inf. e dina. xuvenil Val do Ulla 2016
G/069	23/08/2016	554,91	Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming Sport)	Servizos prestados para realización da proba deportiva carreira pedestre de Vilanova 2016
Recibo ref. 87859607	29/08/2016	2.863,87	Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro contratado para os diversos edificios municipais (período do 25-08-2016 ao 25-08-2017. Póliza 037662093/00000)
L 05	01/09/2016	1.450,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza no CPI de Vedra durante o mes de agosto 2016
159	12/08/2016	348,08	Mármoles del Río, S.L.	Materiais subministrados para obras no campo da festa de Trobe
Recibo 20160901	01/09/2016	61,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar+ para a casa Terceira Idade mes agosto
045500002416FAC	30/08/2016	1.524,10	Clece, S.A.	Prestación do servizo de apoio e asesoramento do SAF de xestión municipal mes agosto/2016
8	31/08/2016	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Servizo de atención e mantemento do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				albergue de peregrinos de Vilanova mes agosto
274	17/08/2016	36,30	Mobraferr, s.l.u.	Arrendamento de depósitos de formigón para as obras na vía pública en San Miguel de Sarandón en agosto
61	31/08/2016	1.343,10	Silva Fernández Manuel (Carpintería M. Silva)	Subministro e colocación de portas no edificio do antigo xulgado de Vedra
60	31/08/2016	375,10	Silva Fernández Manuel (Carpintería M. Silva)	Retirada de porta vella e subministro e colocación de porta nova no edificio multiusos de Trobe
36 5572	29/08/2016	902,19	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe con data 29/08/2016
4001856022	31/08/2016	470,59	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no mes de agosto/2016
FE16321210775299	19/08/2016	272,92	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Sol período 31/05/2016 - 27/07/2016
FE16321209541452	04/08/2016	51,69	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela período 29/06/2016 - 26/07/2016
FE16321209541450	04/08/2016	400,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar período 29/06/2016 - 27/07/2016
FE16321209541453	04/08/2016	235,15	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol período 30/06/2016 - 27/07/2016 (CUPS ES0022000007480452)
FE16321209541454	04/08/2016	182,32	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol período 30/06/2016 - 27/07/2016 (CUPS ES0022000004975461)
FE16321209541455	04/08/2016	236,13	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Ponte Ulla período 30/06/2016 - 27/07/2016
FE16321209541451	04/08/2016	95,36	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fufín período 29/06/2016 - 27/07/2016
749/16	30/06/2016	292,49	Gamallo Gómez Manuel - Talleres M. Gamallo	Revisión pre ITV do vehículo de protección civil 2445BLH e levalo á inspección periódica obrigatoria o 30/06/2016
151216FS0045327	30/08/2016	46,35	Supervisión y Control, S.A.	Servizo de inspección periódica obrigatoria do vehículo Nissan Patrol matrícula 2445BLH prestado o 30/08/2016
S-00049/16	31/08/2016	572,00	Asociación Culturalgal	Reserva de stand 6x2 para o Concello de Vedra na Feira de Industrias Culturais a celebrar en Pontevedra en decembro/2016
383	16/08/2016	28,35	Maderas C. Lata S.L.	Táboas de pino subministradas en agosto para obras na vía pública en San Miguel de Sarandón
FE16137005508677	04/09/2016	43,49	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Neira de Abaixo período do 28-07-2016 ao 30-08-2016
40/2016	02/09/2016	1.815,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Redacción de memoria e proxecto para a obra Mellora da escola infantil de Vedra
A/18.080	31/08/2016	912,32	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado en agosto para obras na vía pública en San Miguel de Sarandón
2016627	01/09/2016	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública mes agosto
